

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 99 * DO 21 AO 27 DE MARZO DE 1980 * 40 PTS.

A OCUPACION DAS DIPUTACIONS




Foto: BRAIS

Dibujos: ALFONSO SUCASAS

O 16, na Estrada MOITOS A PROL DO IDIOMA
O CONTRABANDO DE GANDO DESDE PORTUGAL
AGUSTIN MALVIDO: a crise provoca o Governo
O PNV BUSCA O ENTENDIMENTO CON MADRID
HORA CERO PARA O CANADA



**DECLARACIONES DE
TARRADELLAS,
"HONORABILIDADES"**

Campaña catalana. Tarradellas, en declaraciones a "O Tempo" de Lisboa. "Cataluña desea una economía más activa con el fin de poder utilizar todas las potencialidades de que dispone. Cataluña es la región más importante de España bajo el punto de vista económico".

Si. Porque hai quen, dispondon tamén de "potencialidades", ten a xente "dandolle importancia" a economía catalana.


Nas mesmas declaraciones "...En tiempos, yo intenté facilitar un pacto entre el Gobierno y la 'ETA' pero no se consiguió... Yo estoy convencido que hoy se presenta como inevitable una intervención militar....". Mais adiante. "...Como usted sabe, no soy federalista".

Non. Tarradellas é "intervencionista".

"TEMA" DIFÍCIL

Lemos na "Hora" (lunes de La Coruña) informes da manifestación organizada por Fuerza Nueva o domingo en Valladolid. Algunos dos berros foron. "Si eres español, unete, si eres rojo...", "Suarez capullo, nos quitas el escudo" e outras lindezas dirigidas a Suárez e más ao Goberno que preside. Aparte, queima dunha bandeira nacional basca e más a aparición de militantes de FN de uniforme e correaje; e ao final, "El gobernador civil manifesto a EFE que se estaban estudiando algunos de los gritos pronunciados en la manifestación, por si se estimara que constituyeran delito".

Aos Gobernos Civis, multar a certa xente cestalles mais estudo que a algun mestre preparar a oposición. Se foran outros.....



POUCO CAMPO PARA TODOS

Despois de teren dito as barriadas coñecidas sobre o campo, despois de teren manifestado como irremisible a entrada no Mercado Común, despois de teren declarado que as explotaciones agrarias galegas non lleves eran rentables, despois de os labregos tiveren respostado que meteran a sua política agraria onde lle entrara, que de Mercado Común nada, que a rentabilidade non se media polos seus parámetros, vai Pardo Montero e mete a pata ("La Voz de Galicia"), "En Galicia, hai demasiada gente dedicada a la agricultura".

iE mira que non hai terras a monte!



AUTONOMÍA

A UCD anda a xogar en todas as partes coas cartas do trunfo. xa en Euskadi quixo facer valer a sua imaxe de partido no poder, e agora en Cataluña fuxo de queima desesperadamente. Anton Cañellas (antes Canellas), presidente en activo dos Centristas de Cataluña-UCD, ven de deixalo claro, "Somos los interlocutores validos de Cataluña en Madrid".

Xa temos falado outras veces do caso. Tratase dun status político que ten denominación acuñada hai séculos, virreinato.



**O 28
DE
MARZAL
A PRENSA
GALEGA
"CENTENARIA"
A NOSA TERRA
ESPECIAL
NUMERO 100**

CC.LL.

"A SUA ULTIMA CARTA E O TERRORISMO INSTITUCIONAL"



Fora agardan os con aplausos.



O secretariado da CC.LL. sal. A Policía vixila.

Nos comenzamos da semana do 10, un labrego da parroquia de Gontan, no concello de Abadín, recibía a visita de arrecadadores da contribución acompañados da Garda Civil, coa teima de cobraren a Cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria, que o afectado, afiliado as Comisiones Labregas, non efectuara no tempo prescrito. Nos días seguintes, outros afiliados do sindicato nacionalista dos concellos de Lugo, Outeiro de Rei, O Paramo, Chantada, Monforte, O Corvo, todos na provincia de Lugo, recibían "visitas" polo estilo. Poucos, case ningun, pagaron. E para o resto, valía o relato que do caso do labrego de Adai (O Corgo) nos fixo un membro da dirección das CC.LL., "Chegaron varios arrecadadores e sobre vintecinco policías. Dixeron que ian cobrar, e o noso afiliado dixo que non pagaba. Deseguido, e non lembro agora se despois dalgúnha outra tropelía, precintaronlle o tracto cunha cadea. Logo marcharon. E o home, despois de lle quitar a cadea, foi pasear o tractor pola aldea adiante".

Todo empezara cando, semanas atrás, a Diputación Provincial, prévio abandono do diputado do BN-PG, Manuel Castañeda, do salón de sesiones, aprobara urxir o pago dos atrasos da Cuota Empresarial da Seguridade Social Agraria. Segundo se informou daquela, máis de 400 millóns de pesetas, dun total de arredor dos 600, era o montante a que subía o impago do imposto. Supoñía arredor do 70 por cien dos labregos da provincia, e, tendo recoñecido xa anteriormente a Corporación Provincial a inxusticia da "Cuota", este acordo de "aprémio" presumiblemente non o ian acoller moi ben os afectados. Nefasto, na manifestación de Lugo, da xeira de tres que as CC.LL. convocaran e de que xa informamos, douce mil labregos berraban á contra de imposto e máis acordo. E é nestas cando, inesperadamente, xurde este proceso, anomeado legalmente "de anotación preventiva".

"ANOTACIONES" ILEGAIS

As CC.LL. empezan por pro-

testar, ao tempo que en assembleas se clarexa o carácter equívoco das accións da Facenda e Policía, que nuns casos transgreden a legalidade, e de calquera maneira non teñen máis alcance ca o que o seu propio nome indica, "anotación preventiva", por moito que públicamente se queira facer aparecer como embargo efectivo. As assembleas de labregos acordan rexistar a actitude da Administración, ao tempo que se acorda a creación de comisións de defensa encargadas de se oponer a novas "anotacións" posíbeis; Entramontas, o secretario de zona das CC.LL., Emilio López Pérez, pide unha entrevista co Presidente da Diputación que, Luis Cordeiro non se lle concede.


A "DEVOLUCION" DAS CADEAS

E chega luns. Está a Corporación Provincial celebrando Pleno, cando Emilio López Pérez entra no salón de sesiones portando as cadeas que serviran para

"precintar" varios tractores—cadeas que deron lugar a falsas interpretacións por parte da prensa diaria e radio— anuncian- do que "Aquí lles trae algo que é de vostedes". O Presidente, todo alborizado, primeiro berra co noso fotógrafo, que xa tirara un par de fotos, logo berra co secretario das CC.LL., que "se non estaba acreditado", se "¿Usted sabe lo que le puede costar esto?". Emilio López Pérez, que portaba un escrito, quer dirixirse aos diputados, e entón o Sr. Cordeiro suspende a sesión. Os diputados, agás o do BN-PG e algún outro que non daba disimulado os nervios, saíron entremédios duns 60 labregos e representantes do BN-PG que berraban consignas contra a Cuota. E daquela decatánse de que as portas da Diputación están aferrolladas con candado e cadea. Chámase á policía, e en tanto non chega, os representantes das CC.LL. demandanlle diálogo ao Presidente, que primeiro acepta manter o colóquio coa soa condición de que o secretario do sindicato non esteña presente, e logo se nega a manter ningunha clase de diálogo. Logo, chegada a policía, anunciaría a sua idea de presentar denuncia criminal á contra de Emilio López.

PRIMEIRA DETENCION

Xa desaloxados os membros das CC.LL., xúntanse a un grupo dunhas 40 persoas que aguardan fora a carón dun equipo de megafonía que anuncia a ocupación da Diputación e as suas causas. O grupo marchaba cara a Praza do Ferrol berrando "Cor-



Emilio López Pérez.

Cara afora unha pancarta.

O presidente Cordeiro teima en sacala el mesmo.

deiro, dimite, o pobo non te admite" e "Nós non somos empresarios, fora a Cuota Empresarial". Nun momento, o brigada da Policía colle do brazo a duas rapazas, polo que parece para lles impedir o paso por onde ian; é o momento en que Manuel García Mel, da UPG, vai tratar de impedir o qué coidaba unha detención, e a Policía anúncialle a sua detención. Ao se negar, cólleno pola forza (polo pescoco primeiro, e logo polo cabelo e darrastro) e météno no coche celular.

O "ASALTO AS INSTITUCIONES"

Martes, 18, os militantes das organizaciones do BN-PG espallan un comunicado da coalición nas diferentes cidades, no que se apoia o peche que membros das CC.LL. co apoio institucional de representantes do Bloque en Corporacións municipais e provinciais, están a levar ao cabo nas Diputacións da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, e más na Xunta de Galicia. En todas as cidades son portadores dun comunicado solicitando a toma de postura dos Presidentes dos diferentes organismos á contra da Cuota, e, segundo os casos, a remisión de telegramas ao Presidente da Diputación de Lugo e Ministro de Sanidade e Seguridade Social pedindo a suspensión dos aprémios. Os feitos decorren en todos os sitios de maneira semellante. En Ourense, o Presidente da Diputación mantivo un colóquio de duas horas cos pechados e tivo unha liorta co diputado do Bloque. En Lugo, tras declarar, co apoio (ou orde) explícito do Gobernador Civil,

que non os recibiría de ningúnha maneira, acabou por recibilos, anque se negou a tomar ningún acordo. En Pontevedra, onde acompañaba aos pechados o alcalde de Cangas, do PCG, parecido, e na Xunta de Galicia, a falta do Presidente e más o Conselleiro de Agricultura, recibiuños o Conselleiro de Pesca, que, apóis ter falado co Presidente por teléfono, lles pasou aos membros do sindicato, entre eles o seu secretario xeral, a decisión de José Quiroga de "asesorarse". Na Coruña foi o único lugar onde houbo incidentes. Ao se negar César Pintos, diputado do BN-PG a marchar da Diputación pola sua calidade de diputado, viuse empuxado e levado darrastro agarrado pola barba, a pesares de se tere defendido mesmo cunha mordida. Con García Mel, veriase acusado de "agresión a la autoridad".

REPRESIÓN OFICIAL.

APOIO POPULAR

E mércores, á hora de pecharmos esta crónica, a cuestión seguía desta maneira. O Gobernador Civil de Lugo declaraba que nada más ca un 10 por cien dos labregos da provincia fican sen pagar (dados que se distancian ampliamente dos informes da mesma Diputación), e doutrabanda, assembleas de traballadores, coma as de Bazán ferrolana e dos obreiros da construción de Lugo, e más a Mancomunidad dos Concellos da Ría do Ferrol, protestaban perante o "terrorismo institucional" exercido contra da clase labrega, e manifestaban o seu firme apoio á sua loita contra do imposto da Cuota Empresarial.

FOTOS: BRAIS

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luis; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xoséfa L. Corral, Alfonso Eyré,

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

X. M. González, X. Ramón Pouso, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrazo), Ignacio Brisset, F. Cusí, M. Merce Marçal (Paises Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández.

Dibujos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alejandro, Loquis, C. Corredoira, X. Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º — Santiago
Redacción: Teléfono 582681.
Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456.

Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Viguesa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425.. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.



Fotos BRAIS / XURXO FERNANDEZ

Foron arredor de 6.000 as persoas que se despregaron deixa A Estrada para testemuñaren o seu apoio á loita contra da represión lingüística, na manifestación que convocaran UTEG (ING) e más SGTE (UCSTE). Bandeiras e pancartas da UPG, AN-PG, ERGA, ING, PSG, POG, SGTE, MCG, GC e más CSG aparecían ao longo da marcha, sobranceando con moita diferéncia as das organizacións do BN-PG.

NA ESTRADA MOITOS A PROL DO IDIOMA



Antes da marcha, houbo una concentración, na que, acaron das cancións e á música de Miro Casabella, Milladoiro, Froito Novo, Ronsel e outro grupo de gaiteiros, falaron os convocantes e Alfonso Castro, o mestre de Foxo represaliado. O ensinante faría fincapé en que o ensino en galego non podía ser negociábel, e que dende unha perspectiva de normalización nacional, a lingua xoga un papel imprescindible.



"Ensino galego pra todos os nenos" foi unha das consignas más berradas. E había bo número de cativos presentes na marcha.



O grande número de traballadores do ensino presentes conocen ben os desaxustes que se producen ao ensinarlle aos cativos nunha lingua que non é a deles. E tamén saben que, de non levarles o galego aos cativos, ou os cativos ao galego, a nosa lingua nacional tén o tempo contado.

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGA DE LOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

FENE A CONDUCTA PROFESIONAL DOS ARQUITECTOS MUNICIPAIS

No ano 1974, un equipo de urbanistas afincados na Coruña redacta para o axuntamento de Fene un Plan Xeral de Ordenacion Urbana. O plan resultou antipopular, como así o demostrou o bon numero de alegaciones presentadas, que o impugnaban de maneira contundente. Dabase tamén a coincidencia de que os terreos dalgún membro da Corporación saian ben parados. Todos estes avatares denunciaron os veciños no seu momento. Nembarantes, ningun lles fixo caso. Hoxendía, a nova Corporación quer revisar o plan para corregir todos os defectos que no ano 74 se fixeron públicos. Asemade, nese ano o Colexio de Arquitectos declarou a incompatibilidade dos arquitectos municipais, de cara a non poder exercer a profesion a nivel particular dentro da área municipal, para evitar deste xeito ser xuez e parte.

A CEDULA DE CALIFICACION URBANISTICA

Coa aprobacion e posta en vigor do Plan Xeral, no ano 75 entra no axuntamento de Fene un arquitecto municipal que pertecia ao equipo de urbanistas que redactara o plan. Este arquitecto puxo de moda a esixencia da fóliña de calificación urbanística. Causa curiosa, xa que en Galicia non coñecemos outro axuntamento que teña esta modalidade. Deste xeito, obrigaselle ao que queira facer unha obra a visitar ao tecnico municipal, para que lle diga o que se pode facer no seu terreo.

Entramontas, e da sua banda, a delegacion do Colexio de Arquitectos da Coruña pidelle en varias ocasions ao Axuntamento que lle mande a documentacion autentica do Plan Xeral, para poder visar sen necesidade da fóliña. Nembarantes, o axuntamento nunca lle mandou nada. Parece ser que o tecnico poña dificultades alegando que lle faltaban causas ao Plan.

Doutra banda, daquela o arquitecto municipal aparece de suxeto con importantes encargos particulares para realizar no concello de Fene, (en teoria sendo municipal non poderia levalos a cabo). Asemade, convence, antes de sair no ano 76, a Corporación para realizar un "Estudio de Detalle" para o nucleo Fene-Perlio.

O traballo está feito por el. A raíz da alarma está en que nese Estudio de Detalle se modifica de tal xeito o Plan Xeral na zona de Chancas-Perlio, que corresponde de nen mais nen menos que aos solares comprados por unha Cooperativa para facer o maior número posibel de vivendas, que esa modificación suprime plazas, reduce considerablemente a anchura das ruas e aumenta de forma esaxerada o volume da maza que preve nese sitio o Plan Xeral ao canalizar o río de Magalofes, abrir unha rua e edificar a ambos lados dela.

O arquitecto municipal é onde ten encargado o proxecto da Cooperativa para unhas 160 vivendas, que de nort denunciar a infracción, o numero das mesmas sería moi maior. Deste xeito, o arquitecto municipal, que teneses encargos particulares, e que non os pode facer sendo municipal, deixa o Axuntamento, pon ao colega seu no lugar (recomendallo a Corporación, que si e o idoneo para ocupar o seu cargo por ser un dos que redactou o plan), logo fai un Estudio de Detalle, que altera o Plan Xeral ao seu gusto para que o proxecto da Cooperativa lle saia redondo, dandolle moi más volume de edificación. Para aprobar ese "Estudio de Detalle" non hai ningún problema, xa que no axuntamento está o seu compaño de equipo, que o informara ben. Nefeu, o novo arquitecto municipal informou que estaba ben a pesares dos grandes errores que tiña.

Logo o axuntamento, xa que estaba ben, aprobao. ¿E que non sabian eses dous urbanistas que un Estudio de Detalle non pode cambeiar nada fundamental do Plan Xeral? Non hai dubida de que así, no canto de 160 vivendas, poderían edificarse mais de 200....

ARBITRARIEDADES E IRRESPONSABILIDADES DO NOVO ARQUITECTO MUNICIPAL

Coa aprobacion do "Estudio de Detalle" no ano 77, xurdiron unha serie de feitos provocados polo novo arquitecto, ao lles dar alineacion a duas obras, que son de dominio público e que a sua certeza está nos correspondentes expedientes municipais.

E sirva como exemplo explicativo que segun fontes de fiar, fixo cunha das suas primeiras obras, situada nunha rua da parroquia de Fene. O proxecto que estaba redactado no Plan Xeral obrigalle ao tecnico a suxeitarse a liña do "Estudio de Detalle", que nesa zona variara tres metros o trazado e reducir a anchura da rua en dous metros. Cando xa levaba un mes traballando o constructor, informa decindo que a obra ten de seguir a liña do Plan Xeral, xa que o "Estudio de Detalle" ai ten un erro. Xa que logo, paralizase a obra. Ante tal arbitrariedade, o constructor pidelle ao axuntamento responsabilidade. E mais ou menos mandano a paseo. Cansado, puntualiza que lle dean a liña que eles queiran, pero que o fagan por escrito, xa que coa outra o arquitecto municipal, con todo o cinismo, chegou a negar que a concedera. Neste senso, existe un acta notarial de declaración de veciños conforme concedeu a liña.

Apos ter pasado moito tempo, o arquitecto municipal dálle unha nova liña por escrito. Cando o constructor tenta reauxustar a obra a nova liña, tirando con parte da obra para poder continuar, presentanse no solar o exarquitecto municipal e o actual e erguen outra liña decindo que aquela estaba mal.

Perante tamaño atropello, os sofridos promotores decidiron poñer todo no contencioso.

Este caso, como tantos outros, serviron para descubrir o que se ocultaba tras dese "Estudio de Detalle", como foi o dos cambios do Plan Xeral, de xeito completamente ilegal, para favorecer o proxecto da Cooperativa. Informada a Delegacion do Ministerio da Vivenda da Coruña do que pasaba con ese "Estudio de Detalle", esta procedeu a sua anulación de contado.

Se ese "Estudio de Detalle" que redactou o ex-arquitecto municipal cando el estaba como tal, e informou ben o seu sustituto compaño de equipo, e logo invalidado polas graves infracciones que cometia, ¿que pasa cos cartos que pagou o axuntamento por un traballo que non somente non lle serviu para nada, senón que ainda por riba lle orixinou graves problemas?.....

NACIONAL

crónica política

A manipulacion informativa a que esta sometida a opinión pública galega e constante. As veces, lendo os xornais, podemos pensar que estamos en calisquer parte do mundo menos en Galicia. Cando aparece algo referido ao noso país, e sempre o oficialismo mais solemne e anti-popular ou os acontecementos sociais que beneficijan a determinadas correntes ideoloxicas. De contar cos problemas nacionais e conflitivos, faise coa meirande carga manipuladora e terxiversadora, ademais de que se tentara minusvalorar a importancia deles.

Esta reflexión ven a conto, unha vez mais, porque moitos foron os asistentes a concentración da Estrada contra do Decreto de Bilingüismo, que quedaron abraíados ao veren o trato que mereceu este acto de protesta contra a represión lingüística e de solidariedade co profesorado que imparte as suas clases en galego, por parte dos medios de comunicación, en xeral, pero especialmente a prensa diaria. Na maioría non se deu a noticia, mentres que se adicaron grandes espacios a actos autonomistas nos que non houbo nin ducentas persoas, ou a actos de "Falange", nos que non houbo nin cincocentas, peske a seren de ámbito estatal. Nalgún reduciuse e desfigurouse o seu sentido e as forzas sociais e políticas que o promoveron, salientando, noustante, Congresos coma os da Fete-UGT de Galicia, no que había un numero de 100 asistentes.

Todos os medios de comunicación evidenciaron a quen serven. Cada un cun grau de habilidade característica. Pero non se pode decir que fosen os que están nas mans mais fascistas os que lle deron a concentración menor relevancia. Neste senso, e para que se comproba que non foi directamente a Administración a que pasou orde de censura, o acto da Estrada foi noticia, inda que timida e desfigurada en comparanza con outras de nulo interese, no panorama de Galicia de TVE. A prensa foi mais restritiva. Deu o silencio por resposta, ou reprimiu o acontecemento nas suas páginas, consciente de que era un perigo seguir cargando as tintas anti-galegas, moi a cotío utilizadas, como pasou co xornal de meirande tirada de Galicia. En todos estes xornais non esó a UCD a que goberna, inda que o faga de maneira importante. A dirección, a redacción, etc... tamén estan noutras mans. Precisamente mans que non apoiaron a concentración da Estrada. Mans que non queren a normalización da nosa lingua, inda que non se astrevan a declaralo publicamente.

E, con todo, moita ousadia, moi sectarismo perigoso, agachar o acto mais importante da semana. A prensa ten dereito a ter a sua liña editorial, a valorar os acontecementos. O que non ten dereito é a agachar, con tanto descaro, nem a desfigurar a incidencia real dos conflitos.

Os nosos labregos venen de seren agredidos violentamente por parte de forzas anti-disturbios para obligalos a pagaren a Cuota da Seguridade Social Agraria, imposto claramente inxusto e abertamente discriminatorio, porque os trata como se foxen empresarios. Ao tempo, esta medida tomabase co visto bo das Diputacions provinciais e as manobras dos recaudadores do Ministerio da Facenda, en varias zonas, especialmente de Lugo. As Comisiones Labregas, que ven desde hai moitos anos mobilizando aos nosos labregos contra deste imposto colonial, abandearon diversos actos de protesta contra destas intimidacións e violencias, consistentes en peches precisamente nas instituciones que lexitiman esta medida. É sorprendente que quen bendizoa este tipo de medidas ou quen emprega a forza publica en cuestions que non son da sua competencia, ou mesmo quen permite apropiacions totalmente ilegais contra dos aparellos que son vitais para a subsistencia cotiá dos nosos labregos, veña agora acusando de anti-democratas os métodos de CC.LL-SLG. Esta claro que sen resistencia activa nada se podera conseguir. Esta claro que a política agraria do Goberno, destinada a esnaquizar o noso agro nun corto espacio de tempo con vistas a entrada no Mercado Común, se vai topar con resistencias que non dubidamos en calificar de xustamente democráticas, populares e galegas. Inda mais, de dignidade e interese nacional.

LIBRERIA



Vila de Negreira, 3
Tlf. 261975
A CORUÑA

CENTRAL

1. Circular Plaza Independencia, 5
(Frente ao núm. 130 Avda. Camelias)
Teléfonos: 41 60 27 - 42 43 66
VIGO

SUCURSAL

Ronda Outeiro, 281
Zona Conchiñas
Teléfono: 25 99 85
A CORUÑA



sIECO

MULTICOPISTAS, GRABADORES DE CLICHES,
FOTOCOPIADORAS, CALCULADORAS,
REXISTRADORAS, CIZALLAS,
GUILLOTINAS E MATERIAL ESCOLAR

resumes

EN XUNIO, CONGRESO EUROPEO DE SINDICATOS PESQUEIROS.- Organizao a UGT na Coruña, e asistiran sindicatos mariñeiro integrados na IFT, dos países da CEE, amais dos españoles e portugueses. O tema: problemas pesqueiros mutuos derivados da integración de España e Portugal na "Comunidade". Home preparado...

NA SEMANA PASADA, O IDIOMA PROTAGONIZOU.- Durante a banda, o ciclo organizado por ERGA, e doura un fato de actos, entre outros a conferencia organizada por "O Eixo" ou a manifestacion da Estrada. Acaron dos especialistas do pais, o basco Txillardegi e o catalan Lluis V. Aracil coincidiron en descartar a posibilidade dun "bilingüismo social" e en solidarizarse coa loita dos ensinantes galegos a prol do uso publico e pleno do idioma.

OS TRABALLADORES DE CENSA PECHANSE...EN PARIS.- O dia 10 apareceron de sueto na embaixada española en Francia, e ala quedaron astra que conseguiron o que buscaban, que o seu problema se coñecera en todo o mundo. O caso e que a radio española, non sabemos se apostou ou non, deu a noticia de que os pechados eran traballadores asturianos da "Duro Felguera". E non eran.

DESAPARECEN 11 MARINOS GALEGOS NO NAUFRAXIO DUN BUQUE.- Por unha explosión dos gases acumulados nos tanques, fundeuse o buque "Maria Alejandra". En total, sete mortos e 29 desaparecidos das 43 persoas da tripulación. 11 dos desaparecidos eran mariñeiro galegos.

A FOLGA CONTINUA EN BAZAN.- O mercoles, dia 12, a factoría Bazan entraba no seu terceiro dia de folga polo convenio colectivo que se esta a negociar en Madrid. Na asamblea que se celebrou, fixaronse os proximos días 18 e 21 como datas para a continuidade da folga se e que as negociaciones non avanzan. Asimismo, os traballadores desta factoría solidarizaronse coa loita levada a cabo polos traballadores de "Censa", decidindose facer unha recolecta o proximo primeiro dia de folga.

O GRUPO REGOJO A VOLTAS CUNHA NOVA REGULACION DE EMPREGO.- A empresa Telanosa, do grupo Regojo, ven de comunicar aos comites das empresas do grupo que vai levar a cabo unha regulacion de emprego, asi como manter en pe as sancions de cinco meses de suspensión de emprego e salario a mais de dez traballadores e o despido de 11 traballadores que protestaron pola regulacion que se estaba a levar a cabo neste grupo.

ASTRA A PATRONAL CEDER SANTIAGO, TODO POR BARRER



Foto XURXO FERNANDEZ

De xoves 13 a sábado 15, os 52 traballadores da empresa "El Sol", que cobre o servizo da limpeza pública no axuntamento de Santiago, non recolleron a barredera. A folga, que foi causa dos transtornos ciadáns que doadamente se poden supoñer, tivo a sua orixe na negativa da empresa (radicada no País Basco) a incluir un plus por traballo tóxico e perigoso na cotización a Seguridade Social, amais do recoñecemento da sección sindical e outras melloras salariais. Apos vinte

días de negociacion, e cos dez días precepticos por se tratar dun servizo público, a ING, central negociaadora, tramitou a folga legal, que duraría dous días. Sábado, a patronal firmaria o convenio, no que se recollían as melloras salariais, o recoñecemento da sección sindical, e mais o plus correspondente ao carácter do traballo tóxico. Para o peón viña supoñer unha suba de sobre 7.000 pts, un 23 por cen; e o "Acordo-Marco" UGT-CEOÉ volviase ver amplamente superado.

Os efluvios dunha cerámica provocada

Desde hai moitos anos ven funcionando en Oleiros-Salvaterra do Miño unha cerámica de ladrillo cuxa razón social é "Cerámica del Miño, S.L.", ainda que o propietario é Florencio Martínez Álvarez, veciño de Corfrans-Salvaterra. Encetada esta actividade con medios rudimentarios, a boa marcha do negocio obrigou aos seus dirixentes a facer unha remodelación e modernización do proceso produtivo. Modernización que trouxo consigo a creación de non poucos problemas aos labregos dos arredores. Efectivamente, a reconversión do forno de leña por outro de fuel-oil, mantendo polo menos en parte os primitivos condutos de gases a chimenea, motivou o incremento astra límites intolerables da contaminación na zona, que si no ano 78, segundo os técnicos, afectaba a un radio de 500 metros con suma intensidade e "con incidencia inapreciable en areas mas alejadas", agora a comezos do 80, atinxo a un radio de, aproximadamente, 3 kilómetros.

Os efectos que os gases procedentes da combustión do fuel-oil producen son sinxelos e de acción rápida, unha vez que saen ao ar ateñense ao rexime de ventos e o seu destino depende non somentemente da velocidade destes senón do grado de humedad do ambiente. Unha vez que a consecuencia do seu contacto coas capas húmedas do ambiente depositanse de seu enriba da vexetación, formando unhas pelícias dunhas características semellantes ao plástico e moi finas, totalmente impermeabéis que impiden a respiración da planta e, xa que logo, a consumación da función clorofílica, en resumo as plantas secan case que de inmediato.

O 7 de agosto do 78, escritos de protesta foron presentados no ayuntamiento e firmados por Comisiones Labregas e veciños das parroquias de Oleiros, Fiolledo e Linares, as duas primeiras de Salvaterra e a ultima do concello das Neves. Como consecuencia destas queixas saliu a recomendar que a empresa solicitara a sua legalización conforme ao disposto no Reglamento de Actividades Molestas no ano 1977, e que naquel intreña concedida a licencia provisional vencellada a concesión da definitiva e a visita de comprobación polos técnicos competentes que servicios técnicos lle mandase. De todos xeitos, a actividade

non debía funcionar en tanto as medidas correctoras (e enténdese medidas correctoras das novas instalacións) non foran observadas. Na parroquia de Oleiros celebráronse varias xuntanzas de veciños, convocouse ao alcalde que andaba naquel intre nunha visita a fábrica e todo rematou cun oficio da alcaldía paralizando a actividad, e instando ao xerente a inmediata posta en funcionamento das medidas necesarias encamiñadas a impedir a contaminación. A fábrica non pechou, pero alteou a chimenea, presentando un informe do doctor Bermejo, catedrático da Universidade de Santiago, no que di que os fumes teñen un contido de dióxido de azufre de 681 mg. metro cúbico N. Os informes practicados polo informe do técnico do ayuntamiento de Salvaterra dicen, "convendría determinar ante los desperfectos producidos si el aire de la zona de influencia tiene un nivel de calidad admisible, conforme a lo legislado en el anexo primero de Protección del Medio Ambiente".

A Delegación de Agricultura tamén nos seus informes manifesta a evidencia de "efectos fito-toxicos inciden claramente sobre la zona afectada".

...E A FÁBRICA PECHOU

Diante das presiones dos afectados e peticionis de indemnizaciones o empresario amenaza cun aviso que astra agora lle deu moi bons resultados, o peche da fábrica. Trinta e poucos obreiros que teñen ali o seu posto de traballo e veciños das parroquias afectadas son utilizadas como parapeito.

A medida de alterar a chimenea restrinxiu dalgún xeito os efectos durante o ano 79, pero agora nestes tres meses do 80 a situación estase a voltar dramática. Millo, frutais e cepas perecen diante do mal. Arredor de 350 familias padecen as consecuencias e a área afectada atinxo a Tortoreos e Linares, nas Neves, e Oleiros e Fiolledo en Salvaterra.

No ayuntamiento das Neves o PSOE, en sesión do 14 de marzo deste ano, acordou contratar os servicios dun equipo técnico, biólogos e químicos para que fagan un estudio da contaminación e medidas correctoras a adoptar. Pedir a paralización da fábrica en tanto non se empreguen as medidas axeitadas e remesar copia do acordo a todos os organismos estatais (Xunta de Galicia, Gobierno Civil, Agricultura, etc.).

No intre de redactar estas líñas, Comisiones Labregas, SCD Condado, Xunta de veciños do Condado e tamén o Comité Comarcal do PSOE están a estudar as medidas a levar a cabo para evitar o medre dos males e esixir dispois dunha valorización total dos danos a indemnización que proceda.

carta entreaberta

Unha de cal e outra de...

Querida Directora,

Agora sairon algúns falando de proclamar o dia 18 de Maio como dia da nosa fala. Parce que hai xente que ten certos remorsos e lle próa a concencia de celebrar o 17 antigalegos brutas coma Alfonso X. E ninguén mo tome a blasfemia, pero o chamado rei Sabio tivo moito de precursor de certos rexionalistas que ainda florean nos verdes campos da nosa patria. Ti ben sabes que ainda hai unha noxenta clas de paíos que, en vez de seren consecuentes e arrenegar frontalmente do galego, toleran o uso do noso idioma para poesía. Algo deso lle pasou a don Afonso, que fixo as "Cantigas de Santa María", pero o Código das Sete Partidas compuxoo en español. Falando de reis e sabios, do sol". A diglosia tenche polo visto ben ilustres e reas precedentes.

Mais volvendo o conto, con esto do 18 de Maio parece que se quere compangar o branco e o negro dando unha paleta de cal e outra de area. Por un lado, respetemos a



Academia Gallega, que pra eso é Real. Pola outra banda, fagamos ver que somos progres e que defendemos a lingua coma os do bloco. No fondo do choio andache esto, anque penso que lles esquerceron 365 días, e hogano un más por ser bisesto.

E todas as maneiras, hai cousas que non se improvisan da noite pra maña. Esto de botarle un petaco a deus e unha cadela o demo -un e bon e

o outro non e malo- e practica que xa non goza de moito creto. Veremos en que da todo, que o tempo e duro xuez, e como dicia o outro, "o demo non fai favores polo amor de deus".

Tamen o lor desto acordame a concentración do domingo na Estrada, onde estiven de corpo presente como era a miña obrigación, e moi satisfeito de mirar o ben que bota as contas o apatriado señor Otero Normas. Aquel sí que foi un bon dia da nosa lingua. O señor Otero Normas non conta coa taberneira.

Pero aparte das contas dese señor -que por se non o sabes, cando ven por Lugo regalalles escapularios as beatas eu tamen tiña botado as miñas, e saíronme ben. Eu calculaba que ainda se había xuntar ben familia, e xuntouse ben dela. E tamen suspeitaba eu do famoso unitarismo, e as miñas suspeitas foron ben confirmadas: unitaria era. Centellas se era unitaria!

DARIO XOHAN CABANA

"Empecei a traballar aos doce anos como "botones" do Club Nautico de Vigo e desde o 44 en "Vidrios de la Florida" astra a sua desfeita no 78". Agustín Malvido Brullon, 51 anos, secretario local da ING en Vigo, achegouse ao nacionalismo a raiz dos primeiros conflitos nos que tomou boa parte. Despois, no ano 76, afiliouse a ING. Hoxendía, despedido de "Vidrios de la Florida" segue a loitar polos intereses da clase traballadora galega, por iso, por a sua participacion na recente folga da construcion de Pontevedra a Delegacion de Traballo denuncioouno e, ao millor, a factura e un proximo proceso.

AGUSTIN MALVIDO

A crise provoca o Goberno

¿Como se produciu o teu achegamento ao nacionalismo?

Eu era dабondo espaњoleiro porque foi o que me enseñaron o pouco tempo que fui a escola. Entón, non sabia falar galego nin falar castelan, xa que sendo galego-falante na escola enseñaronme o espaњol. A raiz dos meus viaxes a Madrid empecei a detestar do nacionalismo, de que tiña orgullo de falar o galego. Eu non falaba o castelan na capital do imperio. Despois influiron tamén os meus fillos e a miña propia decantacion persoal.

¿Como se desenvolviu o conflito de "Vidrios de la Florida"?

Ainda que oficialmente non fomos despedidos, todos os traballadores de "Vidrios" estámos na rua, porque o empresario desapareceu despois de vender os terreos onde estaba instalada a empresa. Pero nos, hoxendía, seguimos a celebrar asambleas, todos os xoves. Por outra banda, temos un xuicio pendente, contra o director de "Vidrios", na Audiencia Territorial de Pontevedra, por fraude e estafa.

De certo dixose que o expediente de crise da empresa era fraudulento....

En realidade non houbo tal expediente de crise. O temporal que azotou a nosa terra no nadal do 78 levounos parte da cuberta da fábrica. Entón en base a iso, a empresa abriu un expediente temporal de 28 días para reparar o teito. Teito que nunca foi reparado... A pesares disto, a xente acudiu aos seus postos de traballo ainda que non traballabamos. Entón o Delegado de Traballo vendo que a empresa non cumplia o acordado, mandou reabrir a fábrica o 12 de febreiro do 79. Foi cando fuxiu o director, o sr. Valverde. A presentacion da denuncia na mesma Audiencia Territorial de Pontevedra a fixo a Delegacion de Traballo, por se había delito social. O sr. Valverde foi xuzgado pola Audiencia número 4 de Vigo e hoxendía esta en liberdade baixa fianza de medio millón de pesetas, ademais de outros catro que tivo que por en deposito. Todas as veces que veu declarar o protexia a policía, debido a unha boachea de incidentes que acontecera. Doutra banda, que ningunha pense que o conflito de "Vidrios" rematou, pola contra, agora van sair varias lebres, algúns dos membros do Consello de Administracion que foron os que venderon os terreos. Tamén son uns defraudadores porque sabian que ali había unha




Foto XURXO FERNANDEZ

empresa e mercaron os terreos. Claro que na situación na que estamos quem esta a sofrir as consecuencias son sempre os traballadores....

O conflito de "Vidrios", ¿que significou como experiencia e mesmo na solidaridade que se chegou a acadar?

Foi unha moi boa experiencia. Nos a quien lle temos que agradecer a sua solidaridade e loita por nos e a ING, xa que foi a única central que se volcou, porque tanto CC.OO como a USO por ali non apareceron para ver se necesitabamos algo. Cando solicitamos facer unha coordinadora de todas as empresas na que entón estaban en crise, Corfi, Ascon, Censa..., as centrais españolas votaronse todas para atras, somentes a ING estivo presente.

¿Cal é o nivel de representatividade da ING en Vigo?

De principio, a representatividade da ING é moi grande. CC.OO ten incidencia nas grandes empresas namentras que nos acadamos maior representatividade nas pequenas empresas e mesmo nou-

tos sectores como químicas, madeira, transporte... Podese decir que somos a segunda força sindical en Vigo.

¿E da actuación das outras centrais sindicais?

Alvarez, Censa, Regojo, regulación de Pescanova, a folga da construcción foron conflitos que tiveron unha grande incidencia en Vigo, pero polas actitudes pacifistas de lavar a cara de CC.OO non chegaron a nada, porque eses conflitos se lle escapaban das mans, como ocurriu o dia 28 nunha manifestación de traballadores en Vigo e como ocurriu tamén na folga da construcción. Eles deron e dan sempre marcha atras. A táctica de Comisiones Obreras e ter conflitos pero illados, e decir, estou aquí pero non estou. Cando lle interesa estar con nos e cando nos lle conven estan co Goberno e coa UGT.

Parece ser que, a raiz dos conflitos xurdidos pola negociación do conflito da construcción, tu foches denunciado...

Cando se escomenzou a folga da construcción, no campo de Coia e

a proposta de CC.OO decidiu-se que fora unha folga indefinida ao enterarnos da traición da UGT. Despois fixose unha marcha astra a Delegación de Traballo, subiu unha comisión negociaadora a falar co delegado, que non estaba. Colleuse o convenio firmado e fixéronse outra marcha astra os locais da UGT. Pareceme que hai unha denuncia, e como eu son unha persoa dабondo coñecida na Delegación de Traballo, pensamos que de feito a denuncia e contra mí xunto con outro da CSUT....

Estanse a producir constantemente peches de fabricas, ¿pensas que é debido, como se adoita decir, a crise económica?

Ben, os empresarios puxeron de moda o da crise, nembarcantes, eu penso que non é para tanto e que se hai crise é provocada polo goberno e polo capital para seguir asoballando aos traballadores galegos. Doutra banda, non se fixo nada para crear novos postos de traballo. Eu diría que más que nada é un terrorismo do capital, porque cantos más expedientes de crise, tanto más paro haxa, mais suxeitan e asoballan ao tra-

ballador. E os traballadores tamen temen perder o seu posto de traballo, cousa dабondo comprensible. O goberno xoga con nos como quere e deste xeito nos imponen convenios que non venen a reflexar as necesidades da clase traballadora....

As Delegaciones de Traballo son cada vez menos "neutrais". ¿Crees que é un xeito de boicotear as reivindicaciones da clase obrera?

Eu coido que a Delegación de Traballo segue unhas directrices do ministro do Traballo, e ¿quen é o ministro de traballo?, ¿quen é o goberno?, o capital, a CEOE. Entón podece decir que a Delegación de Traballo é un criado sen criterios propios para aplicar. Naméntrase que na Delegación de Traballo hai máis de 15 convenios que levan máis de dous meses sen homologar, como o da carpintería de Riveira, o de Union Cristiana entre outros, por unha orde expresa de Madrid o convenio da construcción homologouse ao que lle manden de Madrid, ao acordamarco e a ese famoso Estatuto dos Traballadores. Pola contra, a solución axeitada estaria nunha Lei de Relaciones Laborales para Galicia. A Delegación é unha marioneta de Madrid.

¿Non pensas que diante de conflitos de certa envergadura non temos un movemento obreiro dабondo politizado, concienciado...?

Si, é certo. Coido que outro gallo cantaría se o movemento obreiro estivera concienciado politicamente, se soupera o que verdadeiramente necesita como traballador que é, se tiveran unha mínima concienciación. Se así fora os señores de Madrid terían moito coidado coas ordes e leis que mandan para aquí.

¿Como ves o futuro da nosa terra tendo en conta que a galeguización da nosa sociedade é algo moi evidente?

Eu visto o futuro dos traballadores, e de Galicia en xeral, con moita esperanza. Cada vez imos ser más a organizarnos, a loitar polo noso pobo e teño esperanza tamen, a pesares dos meus 51 anos, de ver que a clase traballadora, os mariñeiros, labregos, o que son as clases populares teñen un maior nivel de vida, porque se eu mesmo non tivera esta esperanza non estaría aquí. Estamos no camiño do que necesita o noso pobo.

XOSEFINA L. CORRAL

resumes

PLAN DE REGADIO POR BOMBEAO DO MIÑO

Pondo en practica os estudos sectoriais, complementarios do Plan xeral de Ordenación urban do concello das Neves, estase tentando pór en marcha un plan de regadio por bombeo, patrocinado polo axuntamento.

A área afectada comprende 100 hectáreas de terra situada entre a parroquia de Setados e o lugar de estacion da vila nerense. Si isto efectivamente e rentábel porase en funcionamento de inmediato o proxecto de regadio a partir do río Ternes, afluente do Miño.

A financiación destes traballos fariase a travesa dun creto que se vai solicitar do Iryda, de catro millóns de pesetas. A explotación levarase a cabo por medio dunha cooperativa de beneficiarios do plan que son así mesmo labregos das devanditas parroquias. Non cabe dúbida de que éste é un dos xeitos de potenciar a agricultura do Condado, aproveitando ao máximo recursos do Miño. Lamentavelmente diante destes avances que se están a levar a cabo pende, como espada de Damocles, a construcción do salto de Sela.

VIGO. MITIN CONTRA DO ESTATUTO DA UCD

No teatro García Barbón de Vigo celebrouse o pasado domingo o anunciado mitin, cunha asistencia de mais de trescentas (cinquenta persoas). "Por unha Auténtica Autonomía, non o Estatuto da UCD".

Numerosos dirixentes dos partidos e centrais sindicais foron consumindo os turnos de palabra, establecendo nun máximo de sete minutos, insistindo todos en conxunto na necesidade de acudir baixo teito constitucional, un estatuto nacional e progresista, que por exemplo, o voceiro do partido galeguista considerou basicamente aceptable e valedero.

A destacar a rotunda negativa ao Estatuto, e a solicitude do voto non por parte do representante do PSOE, que así mesmo lembrou que o seu partido estivo desde un principio na vanguarda da denuncia da maniobra cacial, concretamente nas movilizaciones do catro de marzo, "cando acudimos ao sentimento de frustración e dignidade, o último recurso a que debe acudir un partido respetable".

O acto estaba organizado por (segundo o orden de intervención), PG, PCG, CCOO, PSOE, CTG, PTG, POG, UGT, PSG, SGS.

 Lib. Cabado.— Genralismo Franco
 K. S. Marcos (L. Virtudes).— Plz. S. Domingo
 Lib. Garde.— Carreteria da Coruña
 Kiosko G. Morato.— Plz. Aviles
 Kiosko Celia.— R/ Armaña

OURENSE

DISTRIBUIDORA Vda. de LISARDO

Xulio Perez.— Kiosko-Avda. Da Coruña
 Manuel Nogueira G. Kiosko Posio, Gra. Franco
 Xose Novoa Garcia.— Vilar, 36
 Cecilia Rodriguez.— Plaza Maior
 A Vinda.— Lamas Carvajal, 46
 Anibal Gonzalez.— Habana, 65
 Dolores Cachaldora.— Santo Domingo, 46
 Delia L. Outeiriño.— Juan de Austria, 7
 Mnauel Lopez Neida.— Kiosko Alameda
 Xose A. Garcia.— Baixada Plz. Abastos
 Manuel Vazquez P.— Lib. Pato, Dr. Fleming, 35
 Xosé Perez Veiras.— Kiosko Bomberos, Avda. B. Aires

(PASA A PAXINA SEGUINTE)

INDO DESDE PORTUGAL

...a mil pesetas. A ver se podes vir que
ndo desde a mañan e estou cansado.
diamos saido bastante cedo, así que
mais os bois non che me gustan nada,
les e o encargado de contratar xente
o outro un dos posibes peons.



NOS POBOS FRONTEIRIZOS
TODO O MUNDO FAI INTERCAMBIO, RAPACES E HOMES,
DUN LADO E DO OUTRO.

Pasar mercancías dun lado ao
outro da fronteira a xente que
non é "da raia" parecilla un delito
e unha operación moi difícil
de levar a termo. A cousa non é
así. O intercambio de mercancías
dun lado ao outro da "raia" está
institucionalizado. Ninguen o
ton por delito nem por cousa
que non se pode facer. Os rapa-
ces, xa desde pequenos están afei-
tados a ir por mercancías a Portugal
e os portugueses a Galicia. A
cousa é tan fácil como ir aquí
dun pobo a outro, só que hai
que ir andando, en vesta ou en
carro, na zona en que o Miño fai
fronteira en barca.

As aldeas da "raia" van
enmigrar a Portugal por pan,
mher e para as terras, bacallao,
caña tabaco e astra por mistos.
As compras no outro lado da
fronteira realizanse o mesmo que
no lado da raia, se algunha cousa
vai a Portugal ou sai más
difícil, vaise ála por el.

O mesmo fan os portugueses
neste lado, veñen comprar todo
o que lle sai mais económico.
Cada ciudoso resulta que a xente
vaia vim comprar bacallao a
Portugal e os portugueses veñan
compralo aíui. Esto é de debido a
que o bacallao portugués e moi
mello que o daqui, e moi
mello, por iso os daqui van
ála. Pero resulta un pouco mais
caro que en Galicia, polo que os
de lá pasan compralo a este lado
da raia a sua escasa capacidade
económica.

WHISKY, CAFE E TABACO

Pero se pasar para un lado a
otro cunha pouca mercancia e
cousa de nenos, e nunca millor
que xa que os rapaces realizan
muitas veces esta operación, pa-

sir contrabando a unha escaleira
de madera, xa é mais perigoso,
non secadra o pasalo en si, anque
esta bastante perseguido, senón
o introducir o producto no mer-
cado.

Todos sabemos o que pasa
cos camions de tabaco, co Whisky
ou co café, ainda moi mais di-
fícil de esconder por o olor que
desprende, o que facía era envol-
velo en bolsas que tiveran allo,
para que non cheirase.

Hoxe o contrabando de café
decreceu considerablemente ao
quedar Portugal sen as suas
colonias e aumentar o prezzo, sen-
do equiparable ao que rixe aquí.

En tanto ao contrabando de
Whisky podesse decir que xa non
se realiza, debido a que moitas
vezes so era agua o que viña em-
botellado.

O do tabaco, en vez de reali-
zarse por terra, cousa que a gran-
de escala e case imposible de
facer, pasase case todo polo mar
en barcos que descargan en cal-
quera punto da costa galega.

LEVAR GANDO CAMPO A TRAVES MAIS DE Vinte KILOMETROS

Houbo un tempo, cando as
Guerras Coloniais portuguesas,
en que foi moi importante, po-
los dividendos que deixaba, o
paso ilegal de mozos de Portugal
para Galicia. Houbo xente
que usando a picareza, decindo-
lles que os deixaban en Francia
descargaban en calquera punto
da nosa nación. Segunda as xen-
tes neste traballo "distinguiuse o
Sr. Bispo, que case tiña carta li-
bre para transitar con estes "es-
capados".

Se antes, os camions de vacas vi-
nian átra perto da fronteira e
voltaban cargados de homes. Ho-
xe veñen cargados de vacas ve-
llas, de burros e algunas veces
voltanse cargados de becerros. A-
gora, dado o "stock" que existe
en Galicia deste gando case non
pasan ninguns.

Fai poucos días chegou a este
pobo un camión, viña dunha feira
calquera cargado de vacas ve-
llas e algun boi. Chegou pola noite
descargando o gando nunhas
cortes. Hoxe levan tres días xa
encerrados. Agora, as doce e me-
dia da noite van escomenzar o
camiño para Portugal.

Os homes van chegando un a
un. Hai tamén rapaces de menos
de catorce anos. Todos parecen
coñecer ben o seu traballo. Atan
os bois con tres cordas, a primeira
e a do narigón, despois unha a
cada corna.

As vacas van saiendo diante,
todo en completo silencio. Unhas
por un lado outros por outro
vannas guiando. Atrás os que
conducen os bois. Un deles pare-
ce querer envestir e hai que es-
tremar as Precaucións.

Ao principio, séguense unhas
corredoiras pero logo abando-
nanse todo o camiño e xa se vai po-
lo monte. Faltan máis de vinte
kilómetros para chegar ao lugar
de entrada. A xente case se tolle
no frio e hai que atravesar lamas,
rubrís e baixar cotos.

Agora pasase a fronteira. Seguese
polo medio do monte e antes de
que empece o mencer o gando
xa está na corte do pobo por-

tugues "X". Todo saiu ben, a-
gora voltar a pe astra o nobo.

Cando se chega xa pasa das
nove da mañan.

O CONTRABANDO FANNO BANDAS ORGANIZADAS EN TODO O LONGO DA DA FRONTEIRA E NAS QUE SE CADRA ESTA METIDO ALGUN GUARDIA CIVIL.

Pasar a fronteira co gando e

gun dos "compradores" dében-
lle en Portugal mais do millón
de pesetas.

O contrabando de vacas vellas
e bois, en vez de ser un gravamen
para a economía galega, podese
afirmar, que é bon. Non é asi
o de que pasen becerros de ala
para aquí, fai tempo que pasaron
tal cantidade de becerros que sa-
turaron o mercado galego produ-
cindose unha baixa da que ainda
non se repuxo, xa que as gran-
xas, moitas delas implicadas nes-
te negocio, ainda están cebando
becerros portugueses.

ALFONSO EYRE



fácil. Os guardias non poden es-
tar en todos os lados. Anque din
que recorren constanteamente a
"raia", por un lado e polo outro,
A NOSA TERRA pudo pasar
máis veces e nunca tivo problemas
de ningunha clase, nem de dia
ni de noite.

Hai que afirmar que estas
bandas teñen comprado a algúns
dos guardias que son os que lle-
nhan informar por onde an de pasar e
a que hora, para que non teñan
problemas. Por cada cabeza de
gando que pasase, estes guardias
levarian un tanto.

O mais difícil é chegar co
gando astra o pobo fronteiriño
que a cando poden coller a un.
Para isto fai falla unha guia
espe-
dida por un veterinario. Con este
documento podesse ir tranquilo,
faise constar que esta vaca e de
tal señor e estoutra daquel. Se
foran preguntar os supostos
donos confirmariano. "Algunha
burra paria este ano máis de cin-
uenta burros", díos un home
"Agora a cousa está un pouco
máis difícil xa que pidan a guia
secadra a corrente kilómetros da
frontera, por outra banda os
portugueses crearon agora unha
brigada especial en Chaves, que
leva colído a más ela soa que a
Guardia Civil e os Guardias
fronteiriños xuntos", díos ou-
tro comunicante.

Pero non todo é negocio, a alg-

POLO USO IRRENUNCIABEL DO NOSO IDIOMA

RESPONSA DA ASOCIACION SOCIO-PEDAGOXICA
GALEGA A CONSELLERIA DE CULTURA DA XUNTA

A Asociacion Socio-Pedagoxica Galega vese no obriga de contestar ao comunicado emitido o 29 de febreiro pola Conselleria de Cultura da Xunta, para precisar unha serie de valoracions que se fan nela.

1.- Dicir "es absolutamente falso que se hayan incoado expedientes adoptado medidas disciplinarias..." o querer ocultar a realidade. De sobra sabe a Conselleria que nestes momentos hai varios ensinantes denunciados e todo elo en base ao Decreto de Bilingüismo que é para o que realmente vale: reprimir o desenrollo do ensino en galego. E ten que saber esa Conselleria que esas denuncias tenen ali e que se non se atreven a expedientar é porque elo seria mostrar pragmaticamente o verdadeiro valor do Decreto. Non tomando medidas públicas e mostándose como mártires incomprendidos inda tentan engañar aos inxenuos porque aos outros xa perderian as esperanzas. Pero si, se tomaron medidas, retirada dos alumnos polos pais baixo orientación politica-institucional, bulos, difamacións contra o mestre, actitude intimidadora polo representante da inspección, postura demagóxica do representante da Comisión Mixta, etc.

A Asociación Sécio-Pedagóxica Galega non lle importa o máis mínimo que, a xuicio da Conselleria e dos que redactaron a nota poda ser posta en dúbida a sua responsabilidade. Até hoxe a AS-PG cumpliu fidelmente os obxectivos marcados nos seus estatutos e un deles é loitar pola normalización da lingua galega. Evidentemente calquer entidade que se oponía a elo - e nos afirmamos que o Decreto de bilingüismo, a Comisión Mixta e a Conselleria se oponen - van ter que enfrentarse necesariamente con nos e recibir as nosas críticas. Xa sabemos que para merecer por parte da Conselleria o paternalista calificativo de responsábeis terímos que decirlle amén, amén, amén, que ben o fai, pero sentindo moito non podemos luchar a política lingüística represiva e assimilista. Se non lle gusta a critica dediquense a outra cousa e non a amolar aos galegos.

2.- Para decir que se produxeron casos aislados conflitivos xa hai que ser maniqueos, por varias razons:

a) Non se producirían tales conflictos se non houbase unha caza de profesores que dan as clases en galego, en base ao Decreto de bilingüismo que na práctica inviabiliza o ensino en galego.

b) E tendencioso falar de "casos aislados conflitivos" cuando en Galicia hai un conflito lingüístico xeralizado mientras persista a imposición do español como lingua propia e o galego siga sendo extranxeiro na súa Terra. Situación que o Decreto de bilingüismo ven a certificar, oficializar e legalizar.

c) Queren reducir este conflito a unha mera disputa entre uns galegos e outros galegos, pais de alumnos e profesores, polo uso do noso idioma. Cando moitos pais son instrumentalizados polo cacique de turno, inspeccións, directivos das APAS, etc.

d) Hai un intento claro, na nota, de botarlle a culpa do conflito aos profesores que imparten as suas clases en galego acusándooos de comportamentos bruscós. Por favor, xa está ben de intentar desviar a cuestión. A pacificación só se producirá cando o galego recobre o "status" que lle corresponde, o de ser a lingua normal dos galegos para todos os usos e funcións, e decir, a de ser o noso idioma oficial.



Foto XURXO FERNANDEZ

Esa a a única maneira de terminar o conflito e soio, deberian saber os señores "especialistas colaboradores" da Comisión Mixta.

c) Xa o dia o Decreto "la riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España como un patrimonio cultural que ha de ser objeto de especial respecto y protección estableciendo así un criterio superador de cualquier controversia", mediante el qual la proclamación del castellano como Lengua española oficial... e volvemos a repetir a nota da Conselleria que nos ofrece ademas a colaboración dos "especialistas" da Comisión Mixta para superar a "controversia".

Chamarlle "controversia" ao conflito lingüístico que vivimos en Galicia é un eufemismo e unha utilzia. As cousas hai que afrontalas tal como son e chamarlle polo seu nome.

3.- O artigo 3 do Decreto entre outras cousas dice "...la enseñanza se base en la lengua materna castellana o gallega de los alumnos..." Partir do concepto de lingua materno é xa basarse nun plantexamento falso, é un concepto valido nunha sociedade de lingua normalizada porque nella lingua materna e lingua social coinciden. Pero nunha sociedade de glosica como é a galega lingua materna e lingua social non coinciden. Basarse na lingua materna suporia pensar que un rapaz durante os anos que dura o proceso de adquisición da linguaxe fala só cos seus pais, o cal levarianos a que ese rapaz non poderia sair da casa porque nos momentos en que falase cos amigos, vecinos, etc, aprenderia a lingua deles e se esta non coincide coa da casa éen cal estaria establecido? éen cal teria competencia?

Por outra banda, o concepto de lingua materna é unha individualización do problema. E a lingua é feito social e polo tanto un problema de toda a sociedade galega que non se arranca atomizando, facendo "ghetos". Convertir un centro en monolingüe galego non é mais que o intento de aislar aos alumnos assimilados ao español ou que os seus pais queren que se asimilen, e poñerelle a vacuna española ou deixalos por desacreditados.

A solución social, real e a normalización é esta: leva consigo que todo o ensino en Galicia se desenvole en galego, para iso e por iso temos a nosa lingua propia.

4.- A Conselleria chamalle información a toda a serie de informes, actas, autorizacions, estudios socio-lingüísticos, etc, "para poder desarrollar programas en lingua oficial".

según lle chama o Decreto ao que é ensino... logo. Esta deformación semántica, cambiando os nomes dados por este trámite, ten a función de ocultar o alcance real do Decreto, pretendendo engañar a opinión pública. Este uso da lingua está presente tanto no mesmo Decreto como na nota da Conselleria. Observemos, na columna da esquerda ponemos os usos isomorfos do Decreto e da Conselleria e na direita o concepto semántico que se axusta a realidade.

Decreto/Nota Conselleria	Valor semántico real
Bilingüismo controversia superadora seriedad responsabilidad falta de credibilidad proceso pacífica introducción comportamientos bruscos serie de informes información	glosia conflicto lingüístico política oficial decirle amen cando se lle critica asimilación aceptada coherencia trabas infranqueables autorización obligatoria do clauso, APA, Comisión Mixta, asimilación facer política lingüística da UCD comprendibles discrepancias apoyo razonable descorcionamento
Recuperación colaborar coa Conselleria	dirito a crítica rexeitamento total crítica científica

Así e como informa a Conselleria.

5.- Dicir que o Decreto é un paso importante para a recuperación da lingua galega é outro chiste. Para que o mismo recuperen o seu "estatus" é preciso que cese a colonización lingüística, a imposición que fixo que o perdera. Neste caso o Español ten que deixar de usurpar ámbitos de uso ao galego.

6.- Os señores especialistas, técnicos e canta persoas acederon a colaborar coa Comisión Mixta e Conselleria, quererán pasar por apóliticos pero a eles decimoslles que o tempo dos inxenuos xa pasou. Non hai persoas apolíticas. O feito de apoiar o Decreto de bilingüismos e estar facendo a política lingüística da UCD. E se algunha instrumentación política da nosa lingua e o goberno e os seus representantes Xunta, Conselleria, Comisión Mixta que queren regularnos o uso do noso idioma negandanos o direitora uso é bretamente. O uso do noso idioma é irrenunciabel e por iso pedimos a derogación do Decreto de bilingüismo.

Dicir que a sua derogación deixaría sen traballo a unha serie de licenciados é outra falácia. Para ter profecorado de lingua galega non é preciso ningún Decreto de bilingüismo, so hai que crear catedras, dotálas e crear tamén mais centros. Somos partidarios de que o galego se de tamén como asignatura de lingua, pero de ningunha maneira estamos dispostos a consentir que sexa a única maneira. Os que lánzamos xa tempo intentando a galeguización do ensino non se seguir facendo, inda que estemos na ilegalidade. E seguimos loitando pola normalización da nosa lingua.

ASOCIACION SOCIO-PEDAGOXICA GALEGA



Abelenda
X.M. Acuña
Alexandro
Rafael Alonso
Abreu Bastos
Baltar
Blanco Casal
Elvira Blanco
Buciños
M. Bustos
Caballero
Camaño Xestido
M. Jesus P. Carballo
Victor Casas
Jorge Castillo
Jose Ramón
Castro Couso
Xose Cid
Colmeiro

Comezaña Cobelo
Ramon Conde
Victor Corral
Alfonso Costa
Felipe Criado
A. Datas
Díaz Fuentes
Deside R.
Díaz Pardo
Eiravella
Perfecto Estevez
Suso Fernandez
Elena Gago
Xurxo Fernandez
Alfonso Gallego
García Rivas
Armando Guerra
Amando Gonzalez
Gonzalez Pascual

Huete
Anselmo Lamela
Laxeiro
Lodeiro
Lugris Vadillo
Blas Loures
Mantecon
Ana Martinez Pasarin
Xaquim Marin
Xulio Maside
M. R. Moldes
Xusto Moreda
B. Moreiras
Monroy
Morquecho
Xoan Oliveira
Enrique Ortiz
Pacios
Anton Patiño

Reimundo Patiño
Xose Luis Penado
Aurichu Pereira
Pesqueira
Xoan Piñeiro
C. Pol
Prego
Antonio Quesada
Silverio Rivas
Rivas Briones
Manolo Ruibal
Miguel Saco
Felipe Senen
Anton Sobral
X. Sobreira
C. Sobreira
Alfonso Sucasas
Manuel Torres
Rafael Ubeda

Vidal Souto
Vilanova
Fiz Valcarcel
Xesus Vazquez
Xuxo Vazquez
Vazquez Dieguez
Benito M. Vazquez
Vidal Abuscal
Yebra

EN
PONTEVEDRA
INSTITUTO
FEMENINO

mostra de outono

Revista
Editada por
RAIS GALEGO
no da "A...
SUBS
Ingresos
anual de
01.500.00
Sucursal
en Ourense:
Cia, banca
home, ape-

ESPAÑA

POLITICOS DE VIAXE

X.L.GARCIA LABANDEIRA

No pasado fin de semana e principios da presente a política española, das mans dos seus representantes, saíuse dos lugares lle son habituais, e tanto o presidente do governo e os seus ministros principais, como os dous mais importantes líderes da oposición, desplazaronse para apoiar as campañas electorais dos seus representantes naquela nación, Catalunya, namentres os reis de España viaxaban a Dinamarca non intento que, o desenrollo do propio viaxe tinxese de sesgos bufonicos, de buscar o apoio do governo de aquel frio e lonxano país para a entrada do Estado español no Mercado Común. Así que alí foron os reis amosarles aos escepticos daneses todo o democrata que e o actual Estado que representan.

A CRISE DO GOVERNO

O interes que os políticos españoles e sobre todo os representantes do governo se tomaron parte nas eleccions ao Parlamento catalán, o vindeiro dia 20, viría polo empeño de remediar o fracaso que supuxeron o resto das recentes consultas autonómicas,

fracaso que afectou sobre todo a UCD e que como sempre que este partido ten problemas produciu os consabidos rumores que falan do perigo de involucion, fanasma que tanto asusta a esquerda parlamentaria e que deixa agora sempre serviu para afianzar as posturas dos centristas. A semana pasada, vistos os resultados das eleccions bascas, e o claro retroceso, non somentes da UCD senón tamén de todos os partidos

estatais, volvese falar nos xornais e nos círculos políticos da capital do Estado da manobras de certos militares, da debilidade dun goberno acorralado que estaria a buscar unha alianza cos partidos nacionalistas de dereitas de Euskadi e Catalunya, pacto que tamén incluiría ao PSA e sería a finalidade de que non fora preciso, debido a un fortalecemento das posiciones da UCD, o que levaria a que o goberno se volcara do xeito en que o fixo na campaña ao Parlamento catalán.

A crise do partido gubernamental a que se ven aludindo manifestouse tamén no Parlamento co gallo da votación do texto definitivo do Estatuto de Centros Escolares, no que se decidía o enfoque que se lle vai dar ao ensino no Estado e para o que, tras dunha loita de varios días, os centristas conseguiron que se adoptara un sistema de voto público para controlar aos seus diputados e mesmo impor os criterios que o grupo mantinha, coa axuda de Cordinación Democrática e algun dos grupos nacionalistas de dereitas aos que xa nos referimos, concretamente aos cataláns de Convergencia e en contra dos socialistas e comunistas.

Na presente semana ao non celebrarse ningunha sesión plena, a actividade parlamentaria queda moi reducida, sendo de destacar únicamente o envío ao Congreso para o seu estudio e fusión do Proyecto de Lei orgánica do poder xudicial, que como innovación mais destacada propon a desaparición e inclusión nos ordinarios dunha serie de tribunais particulares que constitúan os pilares do sistema xudicial franquista.

EUSKADI

O PNV BUSCA O ENTENDIMENTO CON MADRID



Argala e Monzón

ANTON OLEA

Pásadas xa duas semanas desde o remate das eleccions ao Parlamento basco, ainda non se despeux a incognita sobre o carácter do proximo goberno, ainda que todo parece indicar que vai ser monócolor en mans do PNV. A vitoria peneuvista incidira de seguro nas relacions co goberno, cando se aprobou o estatuto de Autonomía. Estabase nunha situación de "ruptura de relacions" despois do abandono das Cortes polo grupo basco e, o goberno, restou importancia ao asunto pois confiaba que estes desplantes do PNV, en definitiva, lleían perxudicar nas eleccions. Por iso non se fixo ningún intento serio de achegamento de negociacion.

ACHEGAMENTO UCD-PNV

Nembargantes, as previsions madrileñas erraron diante do espectacular avance de aqueles que "El Imparcial" chamou "fillos de... Sabino Arana". En efecto, non somentes ocurriu isto ultimo, senón que a UCD veu reducido os seus votos a mitade, en relación as ultimas eleccions lexislativas xerais. O PNV apostou por unha xogada de risco e triunfou en toda liña. O Governo parece entendelo así, e o telegrama remesado a Suarez por Garaikoetxea transparentaba xa unha promesa formal de achegamento ao PNV.

Por outra banda, a actitude do PNV de retirada do Parlamento conseguiu agrullinar en boa parte as duas faccions internas do partido, as chamadas "sabinianas" e "progresistas", xa que asegundo as ultimas previsions esta división acarrearia somentes a perdida dun parlamentario en Bizkaia. Neste aspecto sería interesante coñecer a actitude de voto dos sabinianos que negaron o voto ao seu partido. De momento, no pozo bizkaitarra de Bermeo, feudo

ber, a formacion dun goberno PNV-PSOE. De todos xitos, o mais likely vai ser un goberno monocolor peneuvista, dado que este grupo parece moi decidido a defender o seu modelo de economía e sociedade de libre mercado. Por outra banda, é evidente que o PNV nestes intres cifrou as suas preferencias por un amánio coa UCD a nivel estatal, xa que son conscientes da sensación de "fracaso de Estado" ante o trunfo das opcións abertzais. Os rumores do viaxe do rei Juan Carlos a Euskadi son significativas en relación a este ambiente de temor madrileño.

Outro aspecto a salientar é a actitude de H.B. a negarse a aos contactos co PNV, o que xa da idea de que esta coalición vai manter a sua postura de non participación no Parlamento. O Partido Comunista de Euskadi xa comenzou a sofrer as consecuencias do seu fracaso, tres destacados persoeiros do partido venen de dimitir e comenzaron xa as conversas con vistas ao ingreso en Euskadiko Esquerda.

Para rematar, resulta curioso o feito de que nem ETA-m nem ETA-pm ainda non se lanzaran a acción, o que ven a indicar que ambas organizaciones topanse nun período de replantexamento da sua actividad. Ademais no que a isto respecta, hai o dado, facilitado pola policia, dunhas presuntas negociacións entre ETA-m e un partido maioritario basco. A pesares de que nun principio as sospeitas dirixianse ao PNV, Carlos Garijoetxea saleu ao paso destes informes cun mentis rotundo.



GRAN AREA DE EXPANSION INDUSTRIAL DE GALICIA

MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS E URBANISMO

- * Se te interesa por Galicia e confias no seu futuro.
- * Se proxectas ampliar a tua fábrica ou crear unha nova industria.

Utiliza os benefícios da G.A.E.I.G.

Concurso aberto a partir do 31 de Decembro de 1980.

Benefícios especiais na comarca do Ferrol.

INFORMES:

Pazo de Raxoi. Teléf. 581689 - 581789 - SANTIAGO.

Alameda, 38-terceiro (Cámara de Comercio).
Teléfono 22.87.87 - A CORUÑA

García Barbón, 3-segundo. Teléf. 218303 - VIGO.

o Ensino

Revista Galega de Socio-pedagogía e socio-lingüística



Editada por "PROMOCIONES CULTURALES GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓGICA GALEGA".

SUBSCREBASE DESDE XA!

Ingresar o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires, en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apellido e domicilio.



ANOSA TERRA

A CRISE DO IRAN



J.J. NAVARRO
LL. MOIX

A semana pasada, un novo calexon sen saída nas negociacións norteamericano-iranis bloqueou unha vez mais a liberación dos 50 reens retidos desde hai mais de catro meses na embaixada dos Estados Unidos en Teerán.

A Comisión das Naciones Unidas —elemento mediador nos derradeiros tempos da crise irani— designada para investigar as probas de que dispón o goberno de Teerán sobre a colaboración norteamericana nos abusos cometidos polo Sha durante o seu mandato tivo que deixar Iran sen conseguir os seus obxetivos.

Os cinco xuristas de independencia e prestixio recoñecidos por ambas partes, poideron, efectivamente, consultar probas iranis sobre as actividades do Sha e da misión norteamericana no país, nembargantes fracasaron na sua teima de entrevistarse cos reens norteamericanos.

Estes, a sua vez, afrontaron o seu quinto mes de cautiverio en mans dos estudantes revolucionarios islamicos que asaltaron a embaixada norteamericana a fins do 79.

CAOS POLITICO

A principal rason do fracaso da Comisión Internacional foi a negativa dos estudantes islamicos a transferir a custodia dos reens norteamericanos ao Consello Revolucionario Islamico, en teoria controlado por Banisadr, que tamén está ao frentre do goberno irani despois da sua vitoria nas eleccións presidenciais do pasado mes.

En realidade, o "impasse" na solución do conflito norteamericano-iraní ten a sua raiz no notabel caos no que se desenvola a política do Iran, particularmente durante a semana pasada, na víspera das eleccións parlamentarias das que se dixo —unha vez mais— que serán "o definitivo paso cara a estabilidade política do país".

Polo momento, esa estabilidade parece pouco menos que inalcanzable mentres permaneza a presencia en Iran de polo me-

nos tres poderes fortemente interrelacionados e contradictorios: por unha banda, o presidente Banisadr, doutra, os estudantes islamicos que mantén o control da embaixada norteamericana e, en terceiro lugar, Khomeini, que desde a sua cama dun hospital de Teerán, onde se está a recuperar difícilmente dun ataque ao corazón, mantén nas suas mans unha gran cantidade de resortes de poder.

O presidente Banisadr é partidario do amánco dos Estados Unidos que permita a Iran superar a crise artificial dos reens e conduza a unha normalización das relacións internacionais do país. Banisadr teme de que as tropas soviéticas na sua fronteira oriental con Afganistan poden chegar a significar un perigo se o desgobierno de Irán agudizase —e ainda que non e probabel un ataque directo— un achegamento a Occidente sería un sistema para conxurar o perigo que procede de Afganistan.

Polo demais, o presidente irani a varios dos seus ministros repetiron en moitas ocasións que a crise da embaixada USA e un tranco de cara a solucionar con calma as inxentes dificuldades interiores do Iran, tanto económicas como políticas.

Pola sua banda, os estudantes que ocupan a embaixada son un centro de poder paralelo. Os reens danles facultades para bloquear calquera iniciativa política do goberno e as suas amenazas son un constante factor desestabilizador, mesmo ao marxe da culpabilidade ou non dos norteamericanos.


ricanos retenidos en tarefas de espionaxe. Ainda se descoñece a identidade ideolóxica dos ocupantes da embaixada, pero, pola contra, creese que puideran estar influenciados tanto por elementos de extrema esquerda, contrarios ao moderado goberno de Banisadr, como por maximalistas relixiosos que tentan de potenciar a intransixencia norteamericana fundada por Khomeini.

O ayatollah, o terceiro as da baralla irani, perdeu gran parte do seu protagonismo nos derradeiros tempos. Nembarcantes todo indica que non cedeu nada do seu poder. Unha orde clara e expresa da sua banda e ainda o único que pode obligar aos ocupantes da embaixada a liberar aos norteamericanos, e o vello Imán non deu esa orde.

Sobre o papel de Khomeini no momento actual da crise hai moitas hipóteses. Para algúns, o Irán non ten capacidade de decisión e os seus designios son somentemente reflexos do que pensa a xerarquia relixiosa chiita, fortemente antiamericana, fortemente reaccionaria, totalmente anticomunista e moi fanatizada nas cuestións nacional e relixiosa.

Para outros, pola contraria, Khomeini xoga o seu prío xogo, menter a raia ao mesmo tempo a Banisadr e aos seus moderados, aos estudantes, aos norteamericanos e aos soviéticos. Se iso é o que tenta de facer o arbitro do laberinto político irani, o fracaso da Misión Internacional que abandonou Teerán a semana pasada foi un novo éxito a anotar no haber do vello líder islámico.

Ilustración IXINIO



O triunfo rotundo do Partido Liberal que comanda Pierre E. Trudeau nas eleccións anticipadas celebradas no Canadá nove meses despois de ser derrotado polo conservador Joe Clark logo dunha era de once anos de goberno liberal, dá a dimensión real da crise en que se atopa asolagada a Confederación canadiense.

HORA CERO PARA O CANADA

Unha moción de censura ao presupuesto elaborado polo gabinete Clark para facer frente á grave crise económica desde a perspectiva conservadora precipitou a caída do goberno. Logo viría a derrota nas eleccións. Os comentaristas políticos apuntarian inmediatamente ao programa económico conservador levado adiante (en contradición co prometido durante a campaña electoral) e en concreto ao presupuesto e ao intento de subir o precio de gasolina, así como ao total alineamento internacional de Clark ao carón dos EE.UU. patentizado de xeito ben burdo no "affaire" do Afganistan, como as causas inmediatas do seu estrepitoso fracaso nas urnas.

Pero no fondo latexa toda a problemática política e económica, enmarcada na gama de plurais e distintos intereses contrapostos, do Canadá. E como problema fundamental, auténtica pedra de toque, a cuestión do Quebec.

E un feito ben patente a progradiva dependencia económica de Canadá, a pesares de ser dun país altamente desenrolado, dos EE.UU. A vía de exemplo, os 3/4 das importacións canadienses son produtos manufacturados namentres que máis da mitade das exportacións está constituida por materias primas e produtos semi-elaborados. E é o capitalismo americano quén manda cada vez máis en Ottawa. Por non falar da dependencia política: integración no FMI, OTAN, NORAD etc,etc.

O Quebec, sometido a dependencia colonial, —inda que formalmente sexa un Estado —"provincia"— da Confederación— viu tamén progresivamente como o domínio da oligarquía anglo-canadiense foi perdendo terreo face aos monopólios norteamericanos, inda que o domínio e control político permítelle tamén obter beneficios e negociar en millores condicóns cos EE.UU.

Hoxe a economía de Quebec atópase fundamentalmente nas mans iankis e a extraordinaria riqueza mineira (en minerais tan vitais para o Imperialismo USA como o columbium, o tantalio, o chumbo, o níquel, o aluminio imprescindible no uso da alta tecnoloxía militar e industrial) éle unha peza clave e irrenunciável.

Esta situación decanta as diferentes posicións políticas.

Sectores da oligarquía anglo-canadiense tenta participar no reparto de "pastel" —dentro da inevitável e inesquivable sumisión ao Imperialismo USA— na millores condicóns posibles, polo que van a potenciar o "nacionalismo" federal canadiense. E a posición de Trudeau.

O programa económico liberal basease sustancialmente na gravación dos beneficios das multinacionais e no control estricto e no condicionamento do comercio exterior do Canadá. E no terreo político a posición do Partido Liberal sitúase a nivel internacional na defensa da distensión (dentro por suposto do esquema occidental) e a nivel interno na defensa da unidade do Estado e na condena do "separatismo" quebequés.

No Quebec (carente de burguesía nacional), gobernado desde finais do ano 1.976 o Partido quebequés dirixido por René Levesque, de carácter nacionalista e socialdemócrata cunha alternativa independentista concretada neste na fórmula de "soberanía - asociación", que presupón a constitución dun Estado libre asociado ao Canadá —a niveis fundamentalmente económicos— pero con control dos recursos propios, con forzas armadas propias, relacións exteriores propias etc.

O Partido quebequés representa a sectores importantes da burguesía media que tenta convertirse en "burguesía nacional" e conta co apoio da pequena burguesía e conxunturalmente do movemento nacionalista anticolonial de longa e mesmo dura tradición de loita.

Os EE.UU., como xa afirmamos nun artigo anterior sabor do mesmo tema publicado con motivo das eleccións que deron o triunfo a Joe Clark, ven con bós ollos a constitución do Quebec en Estado libre que eliminaría a competencia e a administración canadiense e o convirtiría en neocolonia súa onde podería actuar directamente e onde a burguesía media quebequense desempeñaría o papel de intermediaria. E o capitalismo americano apostaría con forza por esta baza.

Na primavera, pasado o plazo de dous años previsto polo Partido quebequés, será sometida a referéndum a "soberanía-asociación". E esa será unha dura proba de forza para o goberno Trudeau e para o futuro tanto de Confederación canadiense como do Quebec.

Os intereses en xogo son, como se ve, moitos, inda que o amo solo ún. Veremos, pois, cal é a fórmula en que se concreta a saída. Porque algo si está claro: a vontade de liberalización do pobo quebequés, que tampoco vai ter o seu remate na constitución dun Estado formalmente libre, neocolonia real para a rapiña ianki —a seguir a exportar as suas materias primas e o seu capital— senón na sua liberalización nacional e social.

RAUL FREIRE



E un correcamíos. Pasou polo Arsenal, Ferrol, Celta, Melilla, Europa, Español, Granada, Murcia, San Andres, outra vez ao Murcia. Todo isto como xogador. Como entrenador estivo dous anos no Fabril, un no Ferrol e outro no Compostela. Naceu hai trinta e oito anos en Valdoviño e chamase Xose Lopez Rodriguez. No mundillo futbolístico coñeceno por Jose. Os xogadores que estiveron con el dicen que "e un bon entrenador, pero ainda é moi millor como persoal".

Esta de entrenador do Compostela sendo a sua meta "xogar o millor posibel, ganar sempre que se poda, se así podemos quedar campeons millor que millor, o principal é facer bon futbol e que esta xente nova aprenda, ao mesmo tempo que se contenta aos seguidores". Total nada! A un que ainda non se lle subiu a cabeza a titulite. Que di non ir buscando o título a pesares de o ter ao alcance da man.

JOSE

A selección, armonia e esforzo



E ben sabido que as cousas non se ven o mesmo desde dentro que desde fora. A laboura do entrenador non é nada facil, ten que tratar cunha serie de persoas as que pode perxudicar notablemente calquera decisión. ¿Cando estas de xogador como ollas está laboura?

De xogador pensas que isto é moi facil, parece que o entrenador fai o que quiere e porque quiere. Logo ves que a cousa é moi mais difícil do que pensabas. O entrenador é o encargado de levar, conducir a un grupo. De xogador fas o que che mandan, ao sair ao campo fas as cousas como che gusta, a tua maneira; agora non, tes que pensar por todos e como cada un. Cada xogador é diferente e tello que tratar de diferente maneira.

¿No teu equipo que ten papel preponderante, o xogador ou a persoa?

Un xogador é por encima de todo unha persoa. Unha persoa que ademais é deportista semiprofesional, nestes equipos non se da vivido só do futbol. Ao xogador priemiro hai que tratarlo como persoa, logo como praticante dun deporte moi bonito, que é o futbol. O deporte é un camiño.

Na formacion dunha persoa, dunha persoa-xogador, influen multiples factores historicos-socioeconomicos-climaticos. A realidade galega é distinta da do resto do Estado. ¿Como influen estes fac-

tores na conformacion dun xogador galego?

Si, o xogador galego é diferente, o clima influe decisivamente. No sur de España, por exemplo, teñen a sorte ou a desgracia de que lles chove pouco. Aquí pasa ao revés, por iso os xogadores do sur son más estilistas, mais filigraneiros.

Aquí, por regla xeral, son sobrios, predomina a forza ao ter que xogar a meirande parte das veces no bulleiro. Tamen predomina o contacto, outra das nosas características nacionais. Isto non querer

decir que aquí non tenemos tan grandes estilistas do balón.

No caso do Compostela todos os xogadores son galegos. A sua ideosincrasia, a realidade da nación galega, como a hora de entrenar a un equipo?

Nos anteriores equipos que estiven non éramos todos galegos. No caso do Compostela sí, aquí todos somos galegos. Pero mira tu por onde, nunca me plantexei este feito. Agora ben, indudablemente ao ser todos galegos hai un maior entendemento pois somos afins nos costumes, temperamen-

to, etc. Somos do mesmo país polo que estamos a padecer identicos problemas, unha problemática moi concreta. Isto influi tamén en que nos apoiemos uns aos outros.

Desde dentro do deporte pode ter unha visión un pouco distinta da que temos as persoas que estamos un pouco fora. A idea de compaxinar unha Selección Nacional Galega para xogar contra doutras naciones, ¿que acollida lle sería dispensada polos deportistas, os que se serven do deporte e os aficionados?

A mi, parece-me unha cousa sumamente interesante, tanto xogadores como público coido que a ian acoller moi ben.

En canto aos outros problemas, non sei porque os vai haber, xa se xogaron partidos entre as seleccións xuvenis, por exemplo, ¿por que non o van poder facer as seleccións de profesionais?

Para os aficionados tiña que ser un gran aliciente, por exemplo que a selección galega se enfrentase a Euzkadi.

Que hoxe na nosa nación non haixa os xogadores descollantes doutraz tempoz, non ten por que ser problema pois a selección é un conxunto onde ten que primar a armonia e o esforzo.

Esta claro, por outra banda, que un partido destes ten que ter tanto interese ou mais que un Trofeo Teresa Herrera, poñamos por caso, ademais das repercusiones que a outros niveis.

PUCHEIRO

¿QUE PASA COA NOSA FAUNA?



ou non de momento? ¿Onde están todo o ano? ¿Onde crían? Queremos saber que pasa coa nosa fauna, pois so así sera posibel tomar medidas nun ou noutro sentido. E para logralo queremos contar coa axuda de todos, necesitamos de todos vos, cazadores, pescadores, e estamos a espera de que nos escribades e nos contedes ODE hai e ONDE. Como podedes pensar, non imos nos ir cazar logo onde nos informedes, pois por unha banda non necesitamos moita exactitude no dado do lugar, basta coa indicación aproximada, e por outra banda, esperamos ter tantas informacións que nos seria imposible visitar todos os lugares.

Pensemos que con este traballo (pois traballo é iso de coller o papel e bolígrafo e mandarnos duas letras, sabemos que a moitos costaralles facelo, pero non vos preocupedes polas faltas e esas cousas) sairemos todos beneficiados, pois de todos e coñecida a situación catastrofica pola que atravesa a fauna cinexética e piscícola que entre a mixomatose, as pistas que chegan a todas partes, os incendios, a contaminación dos ríos, etc., etc., isto parece que leva mal camiño. ¿Leva realmente mal camiño ou non é tanto como dixi? Nos cremos que hai que coñecer antes de actuar. Como dixemos, pensamos que todos saíran beneficiados e en primeiro lugar as especies, pois a fauna é, ante todo, quien nos preocupa, unha fauna perseguida moitas veces por procedimientos non moi legais. ¿Quereis saber cais son as duas últimas maneiras que me acaban de contar para cazar coellos?, o amoniaco e o butano. Tanto un coma o outro botanxe nun tubo que se tapa, e logo a esperar a que saian polo outro lado os bichos. Desde logo ignoro a eficacia dos sistemas pero sei de lugares onde xa fixeron a proba. Sempre a voltas coa pilleira. Así non pode ser. Así, extrañanos que as especies se recuperen.

En fin, quedamos a esperar das vossas novas, cazadores e pescadores que de verdade estades interesados na fauna dos nosos montes.

PATIÑO

YFIEIA KAI PANAKEIA

ANXO RODRIGUEZ

A TESE EPIDEMIOLOXICA

Ilustración: XULIO MASIDE

Voltamos da demografía á epidemioloxía en base ao interese das razons què nos permiten dar a coñecer e sostener as necesidades sanitarias reais, que logo terian de traducirse na demanda dunha estratexia de investigación e de actuación en términos o mesmo económicos ca loxísticos. Xa é ben sabido que a preservación da saúde e mesmo da vida non depende só da ciencia médica, senón e tamén da necesaria coordinación das medidas preventivas e curativas coa política económica e social.


Certo que o estado capitalista trata decotio os problemas da saúde, anque como obxectivos políticos concretos, nem sempre, unha das evidencias más flagrantes da contradición existente nunha estrutura colonial capitalista e a desigualdade no status da saúde e sanitario da poboación na que coexisten sectores privilexiados con sectores maioritarios de grande indixencia, sen que se albiske unha resolución proxima. Por outra banda, xa é habitual na literatura médica tratar diferencialmente os problemas epidemiolóxicos dos países desenvolvidos e subdesenvolvidos. No noso contexto, a falla dun programa de estudos de saude que abrange todas as fontes de información que permanentemente percuren un coñecemento real do status sanitario da poboación, ten entre outras causas, a mesma falla de interes e cultura epidemiolóxica dos sectores relacionados e mesmo a problemática doutrinal da profesion médica, de maneira que so é posibel dispor de indices de mobilidade ben pouco estimativos.

Como modelo de estudio e analise para o noso traballo, compre referirse a aquellas enfermedades nas que inciden palmariamente tanto as condicións do individuo e comunidade como a infraestructura sanitaria do medio. Neste senso, pensamos que un grupo idoneo de estudio estaría constituido polas enfermedades dixestivas diarréicas, en base a que os factores e problemas sanitarios básicos están perfectamente identificados, e por tanto, os programas de control poden ser esixidos e assumidos.

Resulta irónico pensar e constatar, que de ser sínxelos inconvenientes nos países desenvolvidos, nos que, inda que por factores epidemiolóxicos distintos non están erradicadas de todo, as enfermedades diarréicas trasmisiveis, constituyen en realidade nos países colonizados e subdesenvolvidos unha das causas de meirande mobilidade, cun índice de mortalidade importante, tal como se amosa no cadro que presentamos.

DEFUNCIONES POR ENTERITE E OUTRAS ENFERMEDADES DIARREICAS (A-5 Lista A da C.I.E.)

	1976	Casos	Tasa por 100.000 hts.
De 0-4 anos			
A Coruña	16		
Lugo	9		
Ourense	5		



Pontevedra	25	
Total	55	2,12

Fonte. Confección propia con datos de "Movimiento Natural de la Población". Tomo II. Vol. 1- 1979.

Inda que non dispomos de estudos en amplitud para significar a incidencia real destas enfermedades, en base ao coñecemento da práctica de calquier profesional, hai que concluir que é solprendentemente alta.

